

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 20 DE

ABRIL DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte de abril de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas, concelleiros non adscritos.

Faise constar que asiste a concelleira dona Carmen Tato Lago quen, con data 18 de abril de 2011 presentou escrito rexistrado de entrada ao núm. 6677, no que comunica que a partir da dita data abandona o grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que solicita se lle considere como concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Proposta de resolución de reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2011 e aprobación definitiva do orzamento

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de abril de 2011.

Don Jaime Manuel López Lisnier dá lectura á citada proposta, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que na sesión extraordinaria do 4 de marzo de 2011, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, acordou aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio

de 2011 e as bases para a súa execución, así como o cadro de persoal e a relación de postos de traballo e que no Boletín oficial da provincia da Coruña número 47, de 10 de marzo de 2011, se publica o anuncio de aprobación inicial dos acordos anteriores e de apertura do período de exposición ao público e presentación de reclamacións.

Visto que no período de exposición ao público, que rematou o pasado 29 de marzo, se formularon as seguintes reclamacións, segundo certificado da secretaria xeral do concello, de 4 de abril de 2011:

1.- Reclamación presentada pola concelleira dona María Beatriz Ramos Padín, con DNI 32 813 803-W con domicilio en A Cabana, nº 11, Anceis- Cambre, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste concello de 18 de marzo de 2011 e número de rexistro 5036.

2.- Reclamación presentada pola concelleira dona María Jesús González Roel, portavoz do grupo municipal do Partido Popular de Cambre, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste concello do 25 de marzo de 2011 e número de rexistro 5456.

Visto que o 29 de marzo de 2011, recíbese escrito con número de rexistro de entrada deste concello 5606, por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comunicando que a achega económica que corresponde efectuar a este concello en 2011 ao novo plan de Transporte metropolitano de Galicia é de 200.650,94 euros.

Visto o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 4 de abril de 2011, e o informe da interventora municipal ás reclamacións presentadas, de data 5 de abril de 2011.

Considerando que o orzamento xeral para 2011, axustouse na súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos por lei, achegándose toda a documentación e anexos esixibles e co contido que establece o TRLFL.

Considerando que a aprobación do orzamento despois do 31 de decembro do ano anterior ao exercicio no que debe aplicarse, non implica a anulación do orzamento tardiamente aprobado e que de feito a lei prevé o suposto de non aprobación en prazo do orzamento, mediante a prórroga orzamentaria.

Considerando que nas alegacións formuladas pola señora concelleira non adscrita M^a Beatriz Ramos Padín, e a portavoz do grupo municipal do PP de Cambre, M^a Jesús González Roel, non se detallan que créditos necesarios, en virtude de precepto legal ou calquera outro título lexítimo, son esixibles ao Concello de Cambre e non teñen consignación orzamentaria suficiente e adecuada, e tampouco se xustifica a manifesta insuficiencia dos ingresos en relacións aos gastos, que faga imposible a execución dos gastos, tal e como esixe o TRLFL.

Considerando que a insuficiencia dos ingresos debe ser “manifesta”, como tamén o debe ser a errónea ou inxustificada previsión duns ingresos que de ningún modo chegarán a ser tales, o “posible” é contrario ao “manifestamente imposible”, e é esta última condición a que contempla a lei como motivo de impugnación dos orzamentos, e así se ven recoñecendo en distintos pronunciamentos xudiciais, como a sentenza do 22 de decembro de 2006, rec. 438/2002, do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Sevilla, Sala do contencioso-administrativo, sección 1ª, ou a do 1 de decembro de 2000, rec. 1187/1997 do Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears, Sala do contencioso administrativo.

Considerando que todos aqueles motivos de alegación baseados na oportunidade do gasto, non se admiten no artigo 170.2 do TRLFL porque o pleno que prevé a lei para resolver as reclamacións e pronunciarse sobre a aprobación definitiva do orzamento, debe resolver sobre os motivos de impugnación taxados e non é unha segunda instancia para abrir un novo debate sobre o fondo do orzamento.

Visto o escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, requirindo a este concello o ingreso definitivo da achega de 200.650,94 euros, correspondente ao novo plan de transporte metropolitano de 2011, constatando a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria “2011.441.450 Plan de transporte metropolitano” por importe 50.650,94 euros.

Considerando que segundo o artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, TRLFL, o pleno disporá do prazo dun mes para resolver as reclamacións presentadas e que o dito acordo non require de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, se ben tras o pronunciamento sobre as alegacións, o Pleno do Concello decidirá sobre a aprobación definitiva do Orzamento xeral, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2011, por parte da concelleira non adscrita dona Mª Beatriz Ramos Padín, por cada un dos motivos contemplados no informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior e da interventora municipal.

Segundo: Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2011, por parte da concelleira dona Mª Jesús González Roel, portavoz do grupo municipal do PP, por cada un dos motivos contemplados no informe da interventora municipal.

Terceiro: Admitir a trámite o escrito presentado pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comunicando que a achega económica que corresponde efectuar a este concello en 2011 ao novo plan de Transporte metropolitano de Galicia, do que resulta probada a insuficiencia de crédito na aplicación

orxamentaria correspondente e en consecuencia incluír no estado de gastos as seguintes modificacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ANTERIOR	IMPORTE MODIFICADO	VARIACIÓN
2011/441/450	Plan transporte metropolitano	150.000,00	200.650,94	50.650,94
2011/342/212	Reparación instalacións deportivas	85.000,00	55.000,00	-30.000,00
2011/132/121	Retribucións complementarias funcionarios seguridade e orde público	432.815,67	420.164,73	-12.650,94
2011/241/131	Retribucións laborai eventuais ADL	63.645,17	55.645,17	-8.000,00
	Variación neta de gastos			0,00

Cuarto: Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2011, que ascende a un importe de 16.678.230,55 euros, co seguinte resumo por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.951.552,23	1 GASTOS DE PERSOAL	5.587.274,63
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.135.552,6
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.776.493,08	3 GASTOS FINANCEIROS	182.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.934.021,08	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	995.308,71
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	105.427,23		
Total Operacións Correntes	14.167.493,62	Total Operacións Correntes	12.900.288,85
OPERACIÓN DE CAPITAL		OPERACIÓN DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.239.996,03
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.013.491,26	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	40.700,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45	9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45
Total Operacións de Capital	2.510.736,93	Total Operacións de Capital	3.777.941,70
TOTAL INGRESOS	16.678.230,55	TOTAL GASTOS	16.678.230,55

Quinto: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2011.

Sexto: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2011. Importe: 325,21 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para o desenvolvemento do Plan de Prevención de Absentismo Escolar no Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que, en definitiva, do que se trata é da aprobación definitiva do orzamento para o ano 2011.

A posición do seu grupo neste debate xa se puxo de manifesto basicamente no pleno no que se aprobou inicialmente o orzamento. Eles presentaron alegacións, e esas alegacións está suficientemente definida a súa posición ao respecto, polo tanto conclúe dicindo que van manter o voto emitido no pleno no que se aprobou inicialmente o orzamento, e nas comisións de onte, e van votar en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que hai dúas cuestións que lle gustaría que se aclarasen por parte da secretaria. Di que hai unha proposta ao pleno sobre unhas alegacións presentadas por dúas compañeiras, unha por un grupo municipal e outra por unha concelleira non adscrita, e outra cousa distinta para o seu grupo é o pronunciamento e votación sobre os orzamentos xerais. A el gustaríalle que se lle dixera se se vai votar a proposta ao pleno sobre as alegacións, ou se se vai votar o tema dos orzamentos.

A Sra. secretaria contesta que é o mesmo, se se rexeitan as alegacións queda aprobado o orzamento. Trátase das alegacións que houbo ao orzamento, nada máis, esa é a proposta que hai que votar.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, desesa maneira, sendo consecuentes co que votaron no pleno dos orzamentos, e a pesar da abstención de onte baseada nas alegacións, eles, evidentemente, van rexeitar os orzamentos, como fixeron no pleno de marzo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el vaise abster, como xa fixo no pasado pleno.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que el cre que os informes que completan este expediente, tanto da Intervención municipal como da sección de Réxime Interior, son elocuentes e clarificadores ao respecto do contido das alegacións que se presentaron por parte dunha concelleira non adscrita e da voceira do PP, pero el cre que o máis clarificador de todo foi a primeira das intervencións que houbo neste pleno, cando se lles aclarou que, efectivamente, aquí ao que veñen é simplemente a ratificar unha decisión xa tomada.

El cre que está ben, e quere dicilo así, que con esas alegacións a única pretensión e o único que se conseguiu, porque iso si que se conseguiu, foi atrasar un mes a entrada en vigor dos orzamentos, atrasalo un mes coas consecuencias que iso ten para a xestión dos intereses de todos os veciños e veciñas que pagan os seus impostos e que queren que as cousas se solucionen. Di que, por exemplo, grazas a ese atraso os departamentos municipais están presentando solicitudes de prórroga en diferentes plans de obras nos que o concello recibe transferencias, por exemplo, da Deputación provincial, en vista de que unha vez que se aproben os orzamentos e se poidan iniciar os trámites de contratación, poderían superar os límites establecidos para facer as contratacións.

Di que está ben que se saiba que unha vez que se tivo o debate de fondo sobre os orzamentos hai un mes, o día 4 de marzo, e que saíu e que estivo en exposición pública,

con isto a única pretensión era exactamente o que se conseguiu, que foi atrasalo todo, para que as cousas vaian o peor posible, porque hai quen segue pensando que cando a un goberno as cousas lle van mal, poden sacar tallada, sobre todo dada a proximidade das eleccións.

Di que esa foi a única pretensión e que non quere entrar nos contidos das alegacións, porque el cre que nalgúns dos casos son realmente para poñerse encarnados, para que as persoas que os asinaron se ruboricen, pero non polo sol, senón pola ousadía e pola desvergonza, nalgúns casos, con algún tipo de argumentacións que se utilizaron para presentar as alegacións.

Conclúe dicindo que os felicita, obxectivo conseguido, conseguiron que os orzamentos municipais de Cambre, en vez de quedar aprobados definitivamente o 29 de marzo, pois que entren en vigor, aproximadamente, o 29 do mes de abril, cun mes de atraso que non sabe exactamente a quen lle beneficia, pensando nos cidadáns que pagan neste concello os seus impostos, porque pensando nas persoas que forman parte desta corporación xa ten máis dúbidas. El e os compañeiros que formaban parte do seu grupo van rexeitar estas alegacións.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que, antes de nada, quere agradecer ao xefe da área de Réxime Interior e Urbanismo o falsario labor pedagóxico que pretende facer co seu informe, cuxas técnicas manipuladoras da normativa legal son suficientemente coñecidas por todos os cidadáns de Cambre. Pero a pesar da demagóxica explicación, di que non a convence en absoluto e mantén na súa totalidade os seus argumentos expostos nas alegacións.

Respecto da negociación dos colectivos laborais, volve facer demagogia o Sr. Martínez, tratando de levalos á confusión. A lei obriga a negociar, e o plan de austeridade do goberno o que prohíbe é que se incremente a masa salarial e non que se poida distribuír máis equitativamente. Como dixo nas alegacións, poderían negociarse, por exemplo, maiores subidas nos niveis máis baixos e menores nos máis altos.

Por outro lado di que non entende como se pode cubrir un posto de traballo vacante sen que previamente se teña establecido o sistema de acceso. Di que non é tan ignorante como o Sr. Martínez pretende que é no seu ofensivo informe.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser en contra dos orzamentos, por suposto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona Carmen Tato Lago; votan en contra os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita dona M^a Beatriz Ramos Padín, e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2011, por parte da concelleira non adscrita dona M^a Beatriz Ramos Padín, por cada un dos motivos contemplados no informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior e da interventora municipal.

Segundo: Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Cambre para o ano 2011, por parte da concelleira dona M^a Jesús González Roel, portavoz do grupo municipal do PP, por cada un dos motivos contemplados no informe da interventora municipal.

Terceiro: Admitir a trámite o escrito presentado pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comunicando que a achega económica que corresponde efectuar a este concello en 2011 ao novo plan de Transporte metropolitano de Galicia, do que resulta probada a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria correspondente e en consecuencia incluír no estado de gastos as seguintes modificacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE ANTERIOR	IMPORTE MODIFICADO	VARIACIÓN
2011/441/450	Plan transporte metropolitano	150.000,00	200.650,94	50.650,94
2011/342/212	Reparación instalacións deportivas	85.000,00	55.000,00	-30.000,00
2011/132/121	Retribucións complementarias funcionarios seguridade e orde público	432.815,67	420.164,73	-12.650,94
2011/241/131	Retribucións laborais eventuais ADL	63.645,17	55.645,17	-8.000,00
	Variación neta de gastos			0,00

Cuarto: Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2011, que ascende a un importe de 16.678.230,55 euros, co seguinte resumo por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.951.552,23	1 GASTOS DE PERSOAL	5.587.274,63
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	2 G.TOS. BENS CTES. E SERV.	6.135.552,6
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.776.493,08	3 GASTOS FINANCEIROS	182.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.934.021,08	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	995.308,71
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	105.427,23		
Total Operacións Correntes	14.167.493,62	Total Operacións Correntes	12.900.288,85

OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	3.239.996,03
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.013.491,26	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	40.700,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45	9 PASIVOS FINANCEIROS	487.028,45
Total Operacións de Capital	2.510.736,93	Total Operacións de Capital	3.777.941,70
TOTAL INGRESOS	16.678.230,55	TOTAL GASTOS	16.678.230,55

Quinto: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2011.

Sexto: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2011. Importe: 325,21 euros. Motivo: Habilitar crédito suficiente para o desenvolvemento do Plan de Prevención de Absentismo Escolar no Concello de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia